

ACTIVIDADE

Cantigas de escarnio e maldizer para o tempo de Entroido

[...] O Entroido é xanela entre a inverña e a primavera, onde poden acontecer cousas que non poden suceder noutro espazo temporal do ano. Un momento cunha normatividade diferente e na que se permiten cousas que noutras datas non serían consentidas e, incluso, serían consideradas disruptivas da orde social e moral establecida nunha comunidade. Mais neste momento, os oficiantes do Entroido poden traspasar os límites da propiedade privada, da construción de xénero, da humanidade e da animalidade, das fronteiras da súa comunidade ou dos valores morais e éticos desa colectividade.

É neste contexto onde temos que entender o papel da crítica como mecanismo de catarse colectiva e de rito de renovación para que a vida -natural e social- poida continuar. Un rito que funciona como válvula de escape das tensións propias da vida en comunidade, un xeito satírico e parodístico de ritualizar as rivalidades, os enfrontamentos, as situacións de sumisión e dependencia xerárquica que acontecen ao longo do ano nas sociedades humanas. A sátira, a crítica e a burla ao veciño, ás autoridades e aos poderosos, á Igrexa, á aldea do lado ou entre homes e mulleres ou novos e vellos foron e son un elemento fundamental do noso Entroido tradicional. Os teatriños populares, as representacións dos “oficios”, as fuliadas, os sermóns dos Pradicadores, os testamentos do galo ou do burro, as letras das murgas, os versos nos atranques dos Xenerais da Ulla, a confección de lardeiros e lardeiras para mofarse entre mozos e mozas, os mecos esperpénticos, os bonecos con versos satíricos que se lle deixaban na aldea do veciño [...]

Rafael Quintía Pereira: “A prohibición da sátira no entroido como delito contra o patrimonio”. Nós Diario (17 de marzo de 2018)

O Entroido é outra das grandes influencias das cantigas de burlas medievais galego-portuguesas, onde son moi importantes os ritos parodísticos, é dicir, momentos e actuacións dedicadas á sátira, á mofa, á crítica e ao escarnio, á parodia ou ao teatro humorístico.

Aproveitando que estamos xa en tempo Entroido ímonos pór satíricas e satíricos.

Escribe un texto de temática actual que se inspire nas cantigas de burlas, empregando algúns dos seus recursos. Ti escolles que ou a quen decides satirizar e se o fas ao xeito da cantiga de escarnio ou ao da de maldizer.